

# MENÚ DEGUSTACIÓN

Carne de Tenreira Galega Suprema  
“ao caldeiro” ou costela asada  
(a repetir)

Pan

Viño, cervexa, refrescos, auga

Postres

Café con gotas  
de augardente

PREZO:

25€

## DEGUSTACIÓN GRATUÍTA

de queixos con D.O., sidra ecolóxica,  
empanada de tenreira galega,...

## CONCURSO DE GANDO VACÚN

## SUBASTA DE VARIAS XOVENCAS



CONCELLO DE LÁNCARA



DEPUTACIÓN DE LUGO



acruga

//ABANCA



# XXVII FEIRA DEGUSTACIÓN DA TENREIRA GALEGA

POBRA DE SAN XIAO  
LÁNCARA

FESTA DE INTERESE  
TURÍSTICO DE GALICIA

30 ABRILE  
1 MAIO 2026



## BENVIDAS E BENVIDOS Á XXVII FEIRA DA TENREIRA GALEGA!

Queridas e queridos veciñas, veciños, visitantes, amigas e amigos.

Un ano máis, é unha honra darvos a benvida á Feira da Tenreira Galega, un evento que representa o mellor da nosa terra, da nosa gandeiría e da nosa gastronomía. Ao longo destas vinte e sete edicións, esta feira consolidouse como unha referencia imprescindible, promovendo o noso produto estrela e mantendo viva a nosa tradición.

Damos inicio ás celebracións o 30 de abril coa xa emblemática XVII Festa das Avoas e dos Avós, unha homenaxe merecida a aqueles que foron e seguen sendo alicerces fundamentais da nosa sociedade. Será unha xornada especial, chea de música e sorpresas.

O 1 de maio, o recinto feiral transformarase nun espazo vibrante onde a música, a artesanía, a agricultura e a nosa gandeiría serán as protagonistas. Como cada ano, poderemos disfrutar da poxa e concurso de gando vacún ademais do esperado sorteo dunha becerra.

No meu nome, como alcalde, e no de toda a corporación municipal, animámosvos a todas e todos a compartir con nós esta festa gastronómica e cultural que pon en valor a calidade da nosa tenreira galega suprema e converte a Láncara nun punto de encontro de referencia para veciñas, veciños, visitantes e amantes da nosa gastronomía.

Convidámosvos a participar, a desfrutar e a seguir facendo grande esta feira.

Unha aperta  
Darío A. Piñeiro López



## DÍA PRIMEIRO (30 DE ABRIL)

### XVII FESTA DOS AVÓS

- 12.30 h. Recepción por parte da corporación municipal na carpa instalada no Campo da Feira da Pobra de San Xiao
- 13:00 h. Actuación musical do Dúo Dilema
- 13:15 h. Intervención autoridades
- 13.45 h. Comida na carpa instalada no Campo da Feira da Pobra de San Xiao
- 16:30 h. Actuación musical do Dúo Dilema

## DÍA SEGUNDO (1 DE MAIO)

- 10:00 h. Apertura da XXVII Feira da Tenreira Galega
- 10:00 h. Exhibición Escolas Deportivas no Pavillón Municipal
- 12:00 h. Recepción das autoridades no Campo da Feira
- 12:15 h. Apertura stands, degustación gratuita de queixos artesáns, sidra ecolóxica do país e empanada de tenreira galega
- 12:30 h. Subasta de varias xovencas
- 12:45 h. Percorrido polo recinto feiral e visita ás instalacións do gando
- 12:45 h. Actuación do grupo de música tradicional Val de Láncara
- 13:15 h. Pregón a cargo de José M.<sup>a</sup> Álvarez Vilabrille (xornalista e director de publicidade e márketing de *El Progreso*)
- 13:30 h. Sesión vermú a cargo de Punto Clave
- 14.00 h. Xantar (con carne de Terreira Galega Suprema)
- 16.30 h. Exhibición de cetrería
- 17:30 h. Exhibición ecuestre
- 18:30h. Entrega de premios do concurso de gando vacún e sorteo becerra
- 19:30 h. Actuación a cargo de Punto Clave

